

## **BASES DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS DE VERÁN A MERCA CONCILIA 2024**

### **CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO**

Os campamentos de verán A Merca Concilia 2024 supoñen unha alternativa de lecer para a rapazada de 3 a 14 anos do municipio da Merca, cunha dobre finalidade: a de permitir a conciliación familiar, laboral e persoal das familias; e a de ofrecer un espazo de esparcemento para nenas e nenos en igualdade de oportunidades. Tamén persegue contribuír a diminución das desigualdades sociais e favorecer a integración dos/as menores en risco de exclusión social.

Tanto transversalmente como en actividades específicas traballarase a igualdade de xénero.

### **CLÁUSULA SEGUNDA.- OBXECTIVOS**

Os principais obxectivos son:

- A. Activar a imaxinación, a creatividade e a resolución de problemas.
- B. Orientar e asesorar a menores para fomentar a súa autonomía persoal e responsabilidade individual e para co grupo.
- C. Desenvolver as capacidades físicas e as destreza motrices dos cativos ao mesmo tempo que se fomenta a participación, a cohesión social, a cooperación e a non competitividade entre os/as nenos/as.
- D. Fomentar as capacidades intelectuais e a mellora da autoestima.
- E. Adoptar condutas baseadas no respecto, na tolerancia e na igualdade.
- F. Ensinarlle aos máis novos a importancia e as posibilidades que posúe o mundo rural galego e os elementos que o conforman de xeito participativo, dinámico e didáctico.
- G. Aprender a convivir, a traballar en equipo e a competir.
- H. Adoptar interese pola lectura.

### **CLÁUSULA SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán solicitar a súa participación nos campamentos de verán A Merca Concilia 2024 as familias de nenas e nenos que se encontren entre os **3 e os 14 anos cumpridos, con datas de nacemento entre os anos 2010 e 2021**, e que reúnan algunha destas circunstancias, e por orde de preferencia:

- A. **Empadroados/as no Concello da Merca.** O Concello comprobará a veracidade de dito empadramento. Salvo, nos supostos de garda e custodia, sendo requisito o empadramento do proxenitor/a ou titor/a legal que ostente a devandita garda e custodia do/a menor durante a/s quenda/s solicitada.
- B. **Matriculados no CEIP Joaquina Gallego Jorreto** sito no municipio da Merca, unicamente no caso de que quedasen **prazas dispoñibles**, e por orde de inscrición.
- C. **Non empadroados/as** no Concello da Merca, unicamente no caso de que quedasen **prazas dispoñibles**, e por orde de inscrición.

Quen teña unha **discapacidade igual ou superior ao 33%** poderá participar nesta convocatoria aportando no **momento da solicitude** o correspondente **certificado de discapacidade**, ademais dun **informe médico, educativo ou social** no que se valore que o/a menor posúe a capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lle permiten participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.



Farase UNHA SOLICITUDE POR NENO/A.

### **CLÁUSULA TERCEIRA.- LUGAR E DATA**

O campamento de verán do Concello da Merca Concilia 2024 desenvolveranse nas dependencias do **CEIP Joaquina Gallego Jorreto**, e para facilitar en maior medida a conciliación laboral e familiar, realizaranse 4 quendas diferenciadas, de luns a venres agás festivos, do seguinte xeito:

- 1ª quenda:** do 1 de xullo ao 12 de xullo (10 días hábiles).
- 2ª quenda:** do 15 de xullo ao 31 de xullo (12 días hábiles). Festivo o 25 de xullo.
- 3ª quenda:** do 1 de agosto ao 16 de agosto (10 días hábiles). Festivo o 15 de agosto.
- 4ª quenda:** do 19 de agosto ao 30 de agosto (10 días hábiles).

Un mesmo menor poderá optar ás catro quendas.

### **CLÁUSULA CUARTA.- HORARIO**

Dende as **09:00 horas** ata as **14:00 horas**.

### **CLÁUSULA QUINTA.- PRAZAS**

Ofértanse un máximo de **60 prazas en cada unha das 4 quendas**.

### **CLÁUSULA SEXTA.- CUSTO**

O custo do servizo será de **GRATUÍTO** por neno/a en cada quenda, requiríndose unicamente unha fianza, posto que o servizo é financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da RESOLUCIÓN do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021- 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B) (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro de 2024) .

### **CLÁUSULA SÉTIMA.- ACTIVIDADES**

As temáticas escollidas para este verán, a través de xogos, dinámicas, obradoiros e talleres, de forma educativa e lúdica, son as que se enumeran a continuación, as cales poden mesturarse para enriquecer os contados por parte da EMPRESA ADXUDICATARIA do contrato:

- A. Surmexíndonos na Historia: descubrir as diversas civilizacións que existiron ao longo do tempo.
- B. Coidado do medio ambiente: É fundamental educar aos máis pequenos no coidado do medio ambiente, ensinándolles a importancia da reciclaxe, o coidado da natureza, o amor por todos os seres vivos e os recursos naturais, etc
- C. ¿Que quero ser de maior?: descubrir as distintas profesións dunha forma divertida para chegar a atopar que profesións son as que máis nos gustan.
- D. Viaxando polo mundo: coñecer a grandeza e diversidade que temos en distintos lugares do mundo a través das tradición, arte, arquitectura.



Para favorecer a asimilación, comprensión e compromiso dos nenos e nenas participantes, o primeiro día organizarase unha dinámica lóxica adaptada a cada franxa de idade e organizando os grupos.

No caso de que se precisen equipos para realizar diferentes xogos e/ou actividades, estes faranse sempre de maneira aleatoria para que todos/as, traballen con todos/as e así, conseguir mellorar as relacións dos/das membros do grupo e equiparar o rango de idades que participen en ditas actividades creando deste xeito, grupos e actividades homoxéneas.

Cada xornada diaria dividirase en bloques de actividades segundo se defina no PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO.

As xornadas dos martes e venres de cada semana as actividades educativas e de lecer poderanse realizar na piscina municipal. O transporte dos nenos/as correrá a cargo do concello da Merca. Polo que se valorará a adaptación das devanditas actividades ás posibilidades que brinda este tipo de instalación municipal, aspectos, que no seu caso, figurarán no PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO. O concello da Merca poñerá, no seu caso, a disposición da empresa adxudicataria un/ha socorrista, preceptivo por lei.

#### **CLÁUSULA OITAVA.- PERÍODO DE INSCRICIÓN**

Os prazos de inscrición serán o seguinte para todas as quendas:

Do xoves 20 de xuño ao mércores 26 de xuño, ambos días incluídos. Excepcionalmente, poderanse inscribir menores fóra daquel prazo, quedando, no seu caso, ao final da lista de agarda, e por orde de rexistro, sen prioridades.

A presentación de inscricións realizarase **preferentemente a través da sede electrónica do Concello da Merca** <https://amerca.sedelectronica.gal/info.0> **achegando o formulario de inscrición correspondente no trámite “INSTANCIA XERAL”, coa documentación exixida.**

Lembramos que para utilizar a sede electrónica é preciso dispoñer de Certificado electrónico, DNI electrónico ou Cl@ve permanente.

**Excepcionalmente**, poderase presentar a inscrición no rexistro municipal nas dependencias do Concello, sitas en ESTRADA DE CELANOVA, 3 - 32830 A MERCA (OURENSE).

#### **CLÁUSULA OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR NA INSCRICIÓN**

A **documentación** necesaria para realizar a inscrición será:

1. Impreso de **solicitud** debidamente cuberto, que poderá obterse para a súa descarga en: [www.amerca.gal](http://www.amerca.gal)
2. **Tarxeta sanitaria** do/a menor.
3. DNI ou documento de identificación da nai/titora legal.
4. DNI ou documento de identificación do pai/titor legal
5. No seu caso, DNI ou documento de identificación do/a menor.
6. Libro de familia
7. No seu caso, documentación acreditativa de ter atribuída a custodia legal do/a





menor (sentencia de separación ou divorcio, convenio regulador, ...)

8. Certificados de empadramento, no caso de non autorizar a consulta.
9. Informe médico, en sobre pechado identificado cos datos do/a menor, sobre a diagnose, e, en xeral, sobre instrucións e as actuacións que deberá ter en conta o monitorado, en caso de calquera circunstancia de saúde que lle poida afectar ao/a menor (alergias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...)
10. Certificado bancario do numero de conta.
11. Xustificante do ingreso do importe correspondente á FIANZA.

## **CLÁUSULA NOVENA.- FIANZA, PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN**

Coa inscrición, presentarse xustificante de pagamento da FIANZA, por importe de 20,00 € por neno e quenda, a efectos de incentivar a utilización do presente Servizo de conciliación por parte das familias, evitando a existencia de prazas vacantes pola falta de asistencia do/a menor.

Dita fianza abonarase mediante transferencia bancaria á seguinte conta municipal:

**IBAN ES62 2080 0439 4631 1000 0100**

A fianza devolverase no número de conta bancaria indicado no formulario de inscrición, cando a asistencia do/a menor na quenda sexa alomenos dun 80%.

## **CLÁUSULA DÉCIMA.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

**Directa:** a adxudicación será directa no caso que non se supere o número de prazas dispoñibles.

Se o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, procederase da seguinte forma:

- A. En primeiro lugar, e por orde de inscrición, os/as menores empadroados/as no Concello da Merca. Salvo, nos supostos de garda e custodia, sendo requisito o empadramento do proxenitor/a ou titor/a legal que ostente a devandita garda e custodia do/a menor durante a/s quenda/s solicitada.**
12. **En segundo lugar, e por orde de inscrición, os matriculados no CEIP Joaquina Gallego Jorroto** sito no municipio da Merca,
13. **En terceiro lugar, e por orde de inscrición, os non empadroados/as** no Concello da Merca.

Os irmáns e/ou irmás inscritos/as para a mesma quenda consideraranse conxuntamente, a efectos de adxudicación das prazas . Así mesmo, quedará unha lista de agarda.

No caso de que as familias dos/as admitidos/as renuncien á praza obtida, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista de agarda. No caso de non ser localizados/as tras TRES chamadas a diferentes horas, pasarase ao/á seguinte da lista.

No caso de existir prazas vacantes xa iniciada a actividade, as crianzas poderanse incorporar nela despois do comezo do campamento, sempre que se conserve o ratio monitor/a-nena/o.

## **CLÁUSULA UNDÉCIMA.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS**

A **listaxe** de admitidos/as publicarase NO PRAZO DE DOUS DÍAS HÁBILES, tras a finalización do prazo de inscrición.



### **CLÁUSULA DUODÉCIMA.- BAIXAS**

No caso de BAIXA DO/A MENOR xa iniciada a actividade, aquela será comunicada ó concello, procedendo este á devolución da fianza, soamente nos casos debidamente xustificadas (hospitalización, enfermidade grave ou outra causa grave sobrevida). No resto dos casos, NO SE DEVOLVERÁ A FIANZA.

**Se a solicitude de BAIXA é anterior ao comezo da actividade, devolverase o 75% da fianza.**

En calquera dos casos, chamarase telefonicamente aos/ás integrantes da lista de agarda, por se están interesados/as.

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- NORMAS**

A inscrición na actividade supón o compromiso de aceptación das normas.

Dereitos das persoas usuarias:

- A. Bo trato por parte do persoal do servizo e dos/as outros/as usuarios/as.
- B. A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- C. Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- D. Favorecer a súa participación no servizo.

Obrigas das persoas usuarias:

- A. Incorporarse á actividade nos horarios establecidos.
- B. Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable.
- C. Entregar a documentación requirida.
- D. Para a recollida das/os menores sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran autorizadas.
- E. Respetar as normas establecidas polos equipos de monitores de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- F. Non transferir a praza asignada.
- G. Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

O incumprimento reiterado das normas establecidas suporá causa de baixa.

Na Merca, na data da sinatura electrónica.  
O Concelleiro.- José Manuel Taín Fernández.-

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

